



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CULTURA 2022. APROBACION DO CONVENIO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL CALDEIRÓN E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS E QUE TEN POR OBXECTO DESENVOLVER ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN LITERARIA NO TERMO MUNICIPAL DE MALPICA NO ANO 2022.

EXPEDIENTE: 2022/A006/000030

FUNDAMENTACIÓN

1.- Proponse a subscrición dun convenio de colaboración no eido da promoción cultural entre a Asociación Cultural Caldeirón e o Concello de Malpica de Bergantiños co obxectivo de fomentar a creación artística, concretamente a literaria, a través da colaboración no Certame de Poesía Erótica “Illas Sisargas”.

2.- En data 23 de decembro, de 2022 a interventora municipal emite informe de fiscalización favorable.

3.- A Constitución Española sinala no seu artigo 44.1 que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

4.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 25.2m), configura a promoción da cultura como unha competencia da administración local no marco do establecido pola Comunidade Autónoma.

5.- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, no seu artigo 80.2n), configura a realización de actividades culturais como unha competencia da administración local no marco do establecido pola lexislación do estado e a Comunidade Autónoma.

6.- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (artigos 47 e seguintes) define os convenios entre administracións públicas e entidades privadas.

7.- A Lei 38/2003, xeral de subvencións, no seu artigo 28 configura o convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais. Nas Bases de execución do orzamento do Concello de Malpica de Bergantiños para o ano 2021 (Base 42ª), prevese unha subvención nominativa para o desenvolvemento do Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas que organiza a Asociación Cultural Caldeirón.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

8.- Logo de ver o artigo 21.1.s Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración, no eido da promoción cultural, entre a Asociación Cultural Caldeirón e o Concello de Malpica de Bergantiños a fin de promover a creación artística, concretamente a literaria, a través da colaboración no XVII Certame de Poesía Erótica “Illas Sisargas”.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL CALDEIRÓN E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA) E QUE TEN POR OBXECTO DESENVOLVER ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN LITERARIA NO TERMO MUNICIPAL DE MALPICA

REUNIDOS

Dunha parte o Sr. Eduardo José Parga Veiga, na súa calidade de alcalde do Concello de Malpica e en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 21.1 b) da *Ley 7/1985*, de 2 de abril, *Reguladora das Bases do Réximen Local* e 61.1 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia

E de outra,

O Sr. Francisco Quiroga López con DNI: 32.754.042 - H , Presidente da A. C. Caldeirón con CIF: G-70186663, número de inscrición no rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia 2008/012437-1 (SC) e domicilio social na Rúa Patria Galega, 15 baixo CP: 15113 Malpica de Bergantiños.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN:

Primeiro: Que o Concello de Malpica de Bergantiños ten entre os seus obxectivos prioritarios favorecer os procesos de creación artística e participación da veciñanza do Concello de Malpica na vida social, cultural deste Concello exercendo, así, as competencias atribuídas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (reformado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da administración local, artigo 1 apartado 8) e na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Segundo: Que o Concello de Malpica de Bergantiños, en desenvolvemento da mesma normativa, manifesta interese por desenvolver actividades de promoción da creación artística e concretamente da literaria.

Terceiro: Que a Asociación Cultural Caldeirón ten entre os seus fins, promover a literatura, música, fotografía e teatro galegos e a promoción e produción literaria e artística galega (Artigo 5º dos estatutos da entidade).

Acordan subscribi-lo presente convenio con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

Cláusula 1ª: O Concello de Malpica colaborará coa Asociación Cultural Caldeirón no impulso e organización do Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas e cantas actividades consideren precisas para a promoción da creación literaria no Concello de Malpica de Bergantiños.

Cláusula 2ª: O Concello de Malpica comprométese a conceder unha subvención á Asociación Cultural Caldeirón por importe de 2.600,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria **334.480,00**, que se destinará aos gastos da organización da edición correspondente ao ano 2022 do Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas (gastos de dotación do premio, publicidade, dotación de libros os centros bibliotecarios e de ensino do Concello, gastos do xurado, etc.). Esta subvención será compatible con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas percibidas pola entidade beneficiaria, sempre que o seu importe total do conxunto non supere os gastos totais das actividades. O pagamento da subvención realizarase unha vez presentada, e aprobada polo Concello de Malpica de Bergantiños, a conta xustificativa que se regula neste convenio.

Cláusula 3ª: A Asociación Cultural Caldeirón comprométese a editar o libro gañador do Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas na presente convocatoria, no prazo máximo de dezoito meses, a partir da data da entrega do premio. Da edición do libro reservarase unha cantidade de 40 exemplares dos que 20 serán entregados ao gañador/a do Certame e 20 ao Concello de Malpica de Bergantiños.

Cláusula 4ª: O Concello de Malpica comprométese a difundir o certame de Poesía Erótica e darlle publicidade ao través do correo, páxina web do concello, comunicados de prensa e cantos medios considere precisos.

Cláusula 5ª: A Asociación Cultural Caldeirón comprométese a colaborar na difusión do Certame a través de tódolos medios a súa disposición.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Cláusula 6ª: O Xurado do premio será nomeado pola Directiva da Asociación Cultural Caldeirón e estará composto por: unha persoa a proposta do Presidente da Asociación Cultural Caldeirón, unha persoa a proposta do Alcalde de Malpica de Bergantiños, e a persoa gañadora do certame precedente, en caso de serlle imposible a súa participación, O Presidente da Asociación Cultural Caldeirón e/ou o Alcalde do Concello de Malpica, poderán propoñer outra persoa de recoñecido prestixio no campo literario.

Actuará como presidenta/e do mesmo a/o persoa proposta polo Presidente da Asociación Cultural Caldeirón.

Actuará como secretaria/o da/o mesmo a persoa proposta polo Alcalde do Concello de Malpica e no seu defecto poderá ser nomeada polo Presidente da A. C. Caldeirón.

Cláusula 7ª: As bases do certame serán aprobadas pola Directiva da Asociación Cultural Caldeirón e publicadas na páxina web do Concello de Malpica e cando menos serán difundidas a través dos medios de comunicación.

Cláusula 8ª: O Concello de Malpica de Bergantiños comprométese a colaborar na elaboración das bases do Certame aportando cantas suxestións considere oportuno.

Cláusula 9ª: Nos materiais gráficos que se puidesen realizar para publicitar o evento deberá constar expresamente a colaboración do Concello de Malpica de Bergantiños.

Cláusula 10ª: Para a prestación da actividade subvencionada poderase subcontratar ata o 100%.

Cláusula 11ª: En todo momento, a realización das actividades mencionadas nas cláusulas anteriores realizarase con estrito cumprimento das esixencias administrativas correspondentes en canto a autorizacións, licenzas ou permisos, condicións de seguridade, etc., para a realización da/s actividade/s obxecto de subvención que resulten esixibles pola natureza da/s actividade/s.

Cláusula 12ª: Os gastos subvencionables serán os efectivamente realizados **entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2022** sempre que estean directamente relacionados coa actividade obxecto de subvención. Aos efectos do previsto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non será precisa a acreditación do pagamento efectivo do gasto (agás no caso de premios literarios, ou concursos nos que os premios sexan establecidos en metálico), considerándose como data de realización do gasto, salvo proba en contrario, a da emisión da documentación xustificativa.

Cláusula 13ª: O pagamento da subvención realizarase unha vez presentada pola entidade beneficiaria a correspondente **conta xustificativa**, que deberá presentarse **nun**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

prazo de 3 meses a partir da sinatura do convenio, e deberá ser fiscalizada e aprobada.

Dita conta estará formada pola seguinte documentación:

- 1. Memoria de actuacións**, asinada polo/a representante legal da entidade, das actividades e actuacións levadas a cabo e dos resultados obtidos, segundo o Anexo I.
- 2. Memoria económica xustificativa dos ingresos e gastos** das actividades realizadas e declaración de todas as subvencións ou axudas públicas ou privadas, concedidas á entidade incluíndo as concedidas e pendentes de pago, ou solicitadas e pendentes de concesión, que financien a actividade obxecto de subvención, indicando a entidade concedente, contía e destino ou finalidade para a que foi concedida.
- 3. Facturas (orixinais ou copias compulsadas) ou documentos análogos** que teñan validez no tráfico xurídico mercantil dos gastos subvencionados. As facturas deberán estar emitidas á nome da Entidade beneficiaria e nelas deberán constar os datos identificativos do emisor, data de emisión, número de factura, e tipo de IVE aplicado. A xustificación de gastos en soldos e salarios de persoal da entidade realizarase mediante a presentación das nóminas ou documentos equivalentes acreditativos das retribucións percibidas polos traballadores asinados por estes de xeito que se acredite a percepción das mesmas polos traballadores e os correspondentes TC.

No caso de premios literarios, ou concursos nos que os premios estean establecidos en metálico, a xustificación consistirá en :

1. Acta do xurado, onde se relacionen os premiados.
 2. Recibís asinados polos premiados, con indicación expresa do D.N.I.
- 4. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**
 - 5. Declaración doutras axudas ou subvencións percibidas** para a mesma finalidade.

Cláusula 14ª: En caso de que a xustificación presentada non se axuste ao disposto neste convenio, agás o previsto na cláusula **15ª**, o Concello de Malpica de Bergantiños requirirá á entidade beneficiaria para que nun prazo de dez días proceda á subsanación das deficiencias. De non subsanarse as deficiencias indicadas polo Concello, perderase o dereito da entidade beneficiaria á subvención regulada neste Convenio.

Cláusula 15ª: O coeficiente de financiamento da subvención concedida será de 1 polo que para o seu cobro íntegro deberán xustificarse gastos como mínimo por un importe igual ao da subvención concedida. En caso de xustificación insuficiente, considerando

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

como tal o suposto en que da xustificación presentada se manifeste un volume de gastos subvencionables inferiores ao importe da subvención, a subvención reducirase ata igualar o importe dos gastos declarados e xustificados.

De acordo co artigo 19.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, o importe total da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En consecuencia, si da xustificación se desprendese que os ingresos obtidos pola entidade beneficiaria en concepto de subvencións, doazóns ou calquera outros tipos de ingresos superasen os gastos da/s actividade/s subvencionada/s, de xeito que se poña de manifesto a existencia dun superávit, o importe da subvención reducirase ata que o importe global dos ingresos sexa igual aos gastos que se xustifiquen.

Cláusula 16ª: A Asociación Cultural Caldeirón someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro que, de acordo co previsto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, realice a intervención do Concello. A estes efectos, deberá dispoñer de libros e demais documentos contables que sexan esixidos na súa normativa específica, así como os documentos xustificativos da totalidade dos gastos declarados na xustificación da subvención concedida e da aplicación dos fondos recibidos, que acrediten a realidade e regularidade dos gastos e ingresos da actividade subvencionada e todos aqueles que sexan necesarios para a realización das actuacións de comprobación e control que no seu caso acorde o Concello de Malpica.

Cláusula 17ª: Serán causas de resolución do presente convenio, que darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A xustificación con gastos de actividades distintas ás sinaladas por este convenio.
- A falta de xustificación nos termos indicados nas cláusulas 12ª, 13ª, 14ª e 15ª.
- O incumprimento das obrigas administrativas que resulten esixibles pola natureza da/s actividade/s subvencionadas.
- Os restantes supostos previstos no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, sendo de aplicación a regulación que a Lei Xeral de Subvencións fai sobre esta materia.

Cláusula 18ª: En materia de infraccións e sancións, estarase ao previsto na Lei Xeral de Subvencións nos seus artigos 52 e seguintes e no seu Regulamento de desenvolvemento.

Cláusula 19ª: A Alcaldía do Concello será o órgano competente para a resolución das dúbidas respecto á interpretación do presente convenio, e en todo o non expresamente previsto nel estarase ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

de desenvolvemento da Lei Xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cláusula 20ª: A vixencia temporal do presente Convenio abranguerá todo o ano 2022.

Malpica de Bergantiños a 27 de decembro de 2022.

POLA ASOCIACIÓN
CULTURAL CALDEIRÓN

POLO CONCELLO DE MALPICA
DE BERGANTIÑOS

Asdo.: **Francisco Quiroga López**
Presidente da A. C. Caldeirón

Asdo: **Eduardo José Parga Veiga**
Alcalde-Presidente"

Segundo.- Notificar o acordo á entidade interesada.

Terceiro.- Nomear instrutor ao Animador Sociocultural do Concello de Malpica.

Cuarto.- Dar traslado á intervención municipal e á Tesourería.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).